

**Manuel (30-11-2011)**

**(Ao poeta Manuel Rodríguez López)**

Vira a herba, vira a rosa;  
vira a arboriña sen nome.  
Vira o loureiro secreto.  
Vira Andreade e a mimosa.  
Vira o Camiño da Costa.  
Vira o sino do silencio.  
Vira, nun mirar, o tempo.  
Vira a lúa. Vira o vento.  
Vira todo o firmamento.  
Para oír o teu cantar!  
Vira o serán descosido  
Vira o aire entremetido.  
Vira a tarde nun suspiro.  
Viran as augas do río.  
Vírase, en mornura, o frío.  
Vira a brisa nun virar.  
Víranse as follas no outono,  
víranse os carballos longos  
ao ritmo do teu cantar.

Viran os amendoeiros.  
Vira o desfeito caneiro.  
Víranse os terróns dos prados.  
Viran, por turno, os salgueiros.  
Viran, vermellos, os sargos.

No teu cadencial cantar  
vai Paradela en tenrura  
abrazada a trinta pelgos  
de doncel doce frescura.

Ao compás do teu cantar

vírase O Miño, en verdura,  
co desliz de lodo e ferro,  
co adozo da treixadura.  
Por escoitar teu cantar  
vírase o tempo do tempo...  
Quixera verte un momento,  
para terte, nun mirar.

...Estás na vereia alta!  
Na senda da tua aurora!  
Eu trato de me ir contigo  
no teu camiño de volta,  
co corazón a deshora  
e sangue que me convoca!.

*Marcial González Vigo*

*Accésit de Poesía na XVII Edición do Certame Manuel Oreste de Paradela*